



MARTES, 17 DE DECEMBRO DE 2024 MARTES, 17 DE DICIEMBRE DE 2024 | BOP NÚMERO 242

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

DODRO

Resolución de aplicación da tramitación de urxencia ao proceso de estabilización do emprego temporal

Con data 11 de decembro de 2024 ditouse a Resolución da Alcaldía 635/2024 que se publica pra xeral coñecemento:

A Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para la redución da temporalidade no emprego público, establece no seu artigo 2.2 que as ofertas de emprego que articulen os procesos de estabilización contemplados no apartado 1, así como o novo proceso de estabilización, deberán aprobarse e publicarse nos respectivos diarios oficiais antes do 1 de xuño de 2022 e serán coordinados polas Administracións Públicas competentes, debendo producirse a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas engadidas nas ofertas de emprego público antes do 31 de decembro de 2022, e proceder á resolución destes procesos selectivos antes do 31 de decembro de 2024.

Por Resolución de Alcaldía número 675/2022, de data 30 de decembro de 2022, adoptouse, entre outros, o acordo de aprobar as bases xerais e específicas da convocatoria para a estabilización de emprego temporal incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 do Concello de Dodro (publicada no BOP de 31/05/22 núm. 102, da provincia da Coruña e D.O.G. 31/05/2022 co núm. 103).

Por Resolución de Alcaldía número 6/2023, de data 17 de xaneiro de 2023, adoptáronse, entre outros, os acordos de aprobar as correccións efectuadas nas bases xerais e específicas da convocatoria para a estabilización de emprego temporal incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 do Concello de Dodro e convocar o proceso selectivo, para a selección e contratación, como persoal laboral fixo das prazas ofertadas.

O anuncio e as bases xerais e específicas da convocatoria, foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o 23 de xaneiro de 2023 (BOP núm. 15) e publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

O anuncio da convocatoria dos procesos selectivos, polo sistema de concurso, correspondentes as prazas de estabilización do emprego temporal incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022, foi publicado no Diario Oficial de Galicia o 13 de marzo de 2023 (DOG núm. 50).

No Boletín Oficial do Estado publicouse a “Resolución de 15 de marzo de 2023, del Ayuntamiento de Dodro (A Coruña), referente a la convocatoria para proveer varias plazas”.

Vista la necesidade de finalizar a totalidade dos procesos de estabilización dentro do prazo establecido polo lexislador estatal, resulta necesaria a adopción de medidas que axilicen os procedementos de estabilización de emprego temporal convocadas en aplicación do establecido na Lei 20/2021, e que, respectando en todo caso as garantías inherentes aos procedementos de acceso ao emprego público e salvagarda dos principios constitucionais e legais, permitan ao mesmo tempo o cumprimento dos prazos establecidos para a súa execución.

O artigo 33 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, indica:

“1. Cuando razones de interés público lo aconsejen, se podrá acordar, de oficio o a petición del interesado, la aplicación al procedimiento de la tramitación de urgencia, por la cual se reducirán a la mitad los plazos establecidos para el procedimiento ordinario, salvo los relativos a la presentación de solicitudes y recursos.

2. No cabrá recurso alguno contra el acuerdo que declare la aplicación de la tramitación de urgencia al procedimiento, sin perjuicio del procedente contra la resolución que ponga fin al procedimiento.”

As especialidades dos procedementos de estabilización en canto ao elevado número de postos a adjudicar, os sistemas de selección, a esixencia de cumplir os prazos establecidos para a súa execución e considerando os escasos recursos persoais con que conta este concello, considérase conveniente adoptar medidas para o desenvolvemento más ágil dos ditos procesos, reducindo os prazos xeralmente establecidos, para facilitar una maior celeridade dos mesmos.

Así pois, conforme ao citado precepto, nada impide que o órgano que declare a tramitación de urxencia, determine expresamente a que concretos trámites afecta a declaración de urxencia do procedemento e polo tanto á redución do prazo correspondente a tales trámites, sin cuxa redución non podería garantirse, como se expuxo, o cumprimento do prazo legal máximu de resolución dos referidos procesos selectivos.

En consecuencia e en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Declarar a aplicación da tramitación de urxencia no procedemento de estabilización de emprego temporal do Concello de Dodro, convocado en execución do establecido en la Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para la redución da temporalidade no emprego público, con redución dos seguintes prazos establecidos para o procedemento ordinario:

- Prazo de dez días hábiles para presentar la documentación necesaria para emendas ou subsanacións: redúcese a cinco días hábiles.
- Prazo de dez días hábiles para a presentación de reclamacións ou alegacións contra as cualificacións finais: redúcese a 5 días hábiles.
- Prazo de vinte días naturais para presentar a documentación necesaria para o nomeamento: redúcese a dez días naturais.
- Prazo de un (1) mes de toma de posesión: redúcese a quince (15) días naturais.

SEGUNDO.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Dodro e no Boletín Oficial de la Provincia.

Dodro, 11 de decembro de 2024

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

2024/8967